

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Francés-Español				
Materia	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Francés-Español			
Código	V01G230V01950			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Varela Vila, Tamara			
Profesorado	Varela Vila, Tamara			
Correo-e	tvarela@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia está orientada a un alumnado familiarizado coas estratexias básicas de tradución e que posúe un coñecemento excelente das linguas de traballo. Concíbese como un espazo didáctico no que o alumnado deberá desenvolver as competencias precisas para traducir cun grao significativo de autonomía textos dos ámbitos científicos e técnicos. A direccionalidade do traballo de tradución será directa (fr>es).			

Competencias	
Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C22	Destrezas de tradución
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
C27	Capacidade de razoamento crítico
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D4	Resolución de problemas
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Toma de decisións
D9	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Desenvolver a capacidade de recoñecer no texto de partida aqueles termos, estruturas, trazos textuais ou culturais que se revelarán problemáticos á hora de realizar a tradución.	A3 A5	C4 C8 C17 C18 C22 C24 C27	D2 D4 D6 D7 D9 D15 D16 D18 D22 D23
Fomentar a capacidade de detectar e analizar de forma autónoma e adecuada dificultades tradutolóxicas, así como aplicar as estratexias precisas para a súa resolución no marco da tradución dun texto científico-técnico.	A4 A5	C4 C8 C17 C22 C26 C27	D4 D6 D7 D9 D15 D16 D18

Contidos	
Tema	
1. Comunicación científica e técnica	1.1. Ciencia e técnica 1.2. Situación comunicativa e axentes implicados 1.3. Xéneros e tipos de textos 1.4. Linguaxe e estilo
2. Documentación e tradución	2.1. Familiarización co campo temático e anticipación ás dificultades 2.2. Terminoloxía e fraseoloxía. Estratexias e ferramentas 2.3. Tradución. Contexto e requirimentos 2.4. Revisión e corrección 2.5. Xestión de proxectos
	Os temas non son compartimentos estancos, senón que serán considerados como unidades relacionadas e tratadas tanto cun enfoque teórico como práctico.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	6	4	10
Resolución de problemas	34	48	82
Proxecto	4	40	44
Práctica de laboratorio	2	10	12
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión presencial na que se presentarán os contidos da materia, a metodoloxía e os obxectivos que se pretenden alcanzar, así como o sistema de avaliación que se utilizará.
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos da materia obxecto de estudo. Concretamente, estas sesións utilizaranse para introducir as distintas unidades, sistematizar os aspectos abordados e establecer as directrices dos diversos encargos e exercicios.
Resolución de problemas	Actividades e exercicios realizados durante as sesións de clase (p. ex., tradución/revisión de textos, exposición de textos de lectura obrigatoria, exercicios/actividades relacionados cos contidos da materia etc.). Pueden ser de dous tipos: realización fóra da aula e revisión/entrega nas sesións presenciais ou realización na aula e revisión/entrega durante as sesións presenciais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como nas titorías. Para facilitar o seguimento do curso, parte dos contidos estarán dispoñibles na plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es.
Lección maxistral	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como nas titorías. Para facilitar o seguimento do curso, parte dos contidos estarán dispoñibles na plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es.

Probas	Descrición
Proxecto	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como nas titorías. Para facilitar o seguimento do curso, parte dos contidos estarán dispoñibles na plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es.
Práctica de laboratorio	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como nas titorías. Para facilitar o seguimento do curso, parte dos contidos estarán dispoñibles na plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Actividades e exercicios realizados durante as sesións de clase (p. ex., tradución/revisión de textos, exposición de textos de lectura obrigatoria, exercicios/actividades relacionados cos contidos da materia etc.). Poden ser de dous tipos: realización fóra da aula e revisión/entrega nas sesións presenciais ou realización na aula e revisión/entrega durante as sesións presenciais.	10	
Proxecto	O alumnado realizará 2 encargos de tradución: 1) un encargo de tradución individual (20 %). 2) un encargo de tradución en grupos de 2-3 persoas (30 %). As datas de entrega acordaranse co alumnado.	50	
Práctica de laboratorio	Realizarase unha proba de tradución de 2 horas de duración que terá lugar o día sinalado no calendario de exames da convocatoria de maio da Facultade. Para o desenvolvemento desta proba permítese o uso de material en soporte papel ou telemático.	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA:

As metodoloxías descritas na táboa anterior e as porcentaxes asignadas a cada unha delas só se aplican ao sistema de avaliación continua. Para acollerse a esta forma requírese:

- Comunicarlle á profesora por correo electrónico a elección deste sistema de avaliación antes do 15 de outubro.
- Entregar nas datas establecidas os encargos e as actividades propostos ao longo do curso.
- Realizar o exame final na data fixada pola Facultade. Neste exame permítese o uso de fontes documentais en papel ou telemáticas.

É necesario obter unha nota igual ou superior a 5 no exame final para poder aplicar as porcentaxes descritas no apartado anterior.

AVALIACIÓN ÚNICA:

Haberá dúas datas posibles:

a) Primeira edición de actas (xaneiro): na data fixada pola Facultade.

b) Segunda edición de actas (xullo): na data fixada pola Facultade.

A avaliación única constará das seguintes probas:

1. Exame final de 2 horas de duración realizado na aula. Permítese o uso de fontes documentais en papel ou telemáticas. Este exame suporá o 60 % da nota.
2. Proxecto de tradución. O día do exame entregarase un conxunto de textos para traducir e entregar no prazo indicado nese momento (5-7 días aprox.). Daranse así mesmo as indicacións necesarias para a súa correcta realización. Este proxecto suporá o 40 % da nota.

Para aplicar estas porcentaxes, a nota obtida en cada una das partes deberá ser igual ou superior a 5.

Presencialidade

Enténdese que o alumnado que se acolle ao sistema de avaliación continua ten que poder asistir ás clases de forma regular. O alumnado que desexe cursar a materia en réxime de avaliación continua pero por razóns xustificadas non poida asistir ás clases presenciais deberá comunicarlle estas circunstancias á profesora, para buscar as alternativas

correspondentes.

Plaxio

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Corrección lingüística

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas, senón tamén a súa corrección lingüística.

Teledocencia

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC y estar ao tanto das datas nas que teñen lugar as probas de avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Alcina Caudet, A. e S. Gamero Pérez (eds.), **La traducción científico-técnica y la terminología en la sociedad de la información**, Servei de Publicacions de la Universitat, 2002

Belda Medina, J. R., **El lenguaje de la informática e Internet y su traducción**, Publicaciones de la Universidad de Alicante, 2003

Cabré, T. y Feliu, J. (eds.), **La terminología científico-técnica: reconocimiento, análisis y extracción de información formal y semántica**, IULA, 2001

De l´Homme, M.-C., **La terminologie : principes et tecnhiques**, Les Presses de l´Université de Montréal, 2004

Gamero Pérez, S., **La traducción de textos técnicos**, Ariel, 2001

Gutiérrez Rodilla, B., **El lenguaje de las ciencias**, Gredos, 2005

Gonzalo, C. y V. García (eds.), **Documentación, Terminología y Traducción**, Síntesis, 2002

Vivanco Cervero, V., **El español de la ciencia y la tecnología**, Arco/Libros, 2006

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01302
Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada/V01G230V01931
Tradución idioma 2, III: Francés-Español/V01G230V01612
Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

Outros comentarios

A bibliografía ampliarase no decurso do cuadrimestre e prepararase axeitadamente.